

NO OTHER LAND

Basel Adra, Hamdan Ballal, Yuval Abraham, Rachel Szor, 2024

1420

ESTREA EN NUMAX: 05.12.2024 | V.O.S.E. | +16 | 95 min

Basel Adra, mozo activista palestino de Masafer Yatta, en Cisjordania, loita desde a súa infancia contra a expulsión masiva da súa comunidade polas autoridades israelís. Documenta a erradicación a cámara lenta das vilas da súa rexión natal, onde os soldados despregados polo goberno israelí derruban aos poucos as casas e expulsan os seus habitantes. Nun momento dado, coñece a Yuval, un xornalista israelí, que o apoia nos seus esforzos. Xorde así unha improbable alianza. Pero a relación entre ambos ténsase pola enorme desigualdade que os separa: Basel vive baixo ocupación militar mentres que Yuval vive libremente e sen restricións.

«O documento máis concluínte que teña feito o cinema sobre o crime de guerra israelí»

Begoña Piña, PÚBLICO



A banalidade do mal

Por Olivia Popp

Din que a pluma é máis poderosa que a espada, pero que isto se traduza no mundo actual é outra cuestión. O poder da cámara contra as armas de fogo volve explorarse en *No Other Land* a longametraxe documental dun colectivo palestino-israelí estreada mundialmente na sección Panorama da 74.^a Berlinale.

No Other Land é unha colaboración entre o avogado e xornalista palestino Basel Adra, o fotógrafo e agricultor palestino Hamdan Ballal, o xornalista de investigación israelí Yuval Abraham e a directora de fotografía israelí Rachel Szor. Basel e Yuval tamén son protagonistas, mentres que Ballal fai algunhas aparicións memorables como membro escéptico do grupo: “Ah, es un israelí a favor dos dereitos humanos?”, bromea con Yuval cando o coñece por primeira vez.

No Other Land é tan específica como afectivamente extrapolable a outros marcos contemporáneos de dominación estrutural na súa descrición da impotencia baixo un Estado represivo. Non aborda directamente o conflito máis recente entre Israel e Hamás, senón que documenta o desprazamento forzoso de palestinos en Masafer Yatta (Cisjordania), un conxunto de aldeas rurais. O fío narrativo central técese ao redor da relación laboral entre Yuval e Basel, cuxa proximidade e confianza ao longo de anos de colaboración pode apreciarse a través do afecto físico e as conversas profundas entre ambos. Con todo, segue habendo unha división inevitable entre eles, construída pola dinámica de poder do sistema: a absoluta liberdade de movemento de Yuval contrarresta o total confinamento de Basel.

Desde o principio, non é posible apartar a mirada da metraxa que presenta o colectivo. Os espectadores son testemuñas inmediatas da destrución de casas de formigón, acompañada diexeticamente polos berros de familias palestinas que se preguntan por que o Estado israelí está a levar a cabo semellante acción. A película tamén converte en vilán ao home responsable das ordes de desaloxo sobre o terreo, coñecido só como Ilan. Representando o brazo executor do Estado, o home leva lentes de sol reflectores e camisetas Nike transpirables, unha vestimenta que personifica unha caste de banalidade do mal. *No Other Land* convértese nun incesante golpe nas tripas, no que as inquietantes imaxes nunca perden a súa forza. Ilan podería levar un traxe de pallaso e seguir tendo a capacidade absoluta de derrubar todas as casas construídas e reconstruídas en Masafer Yatta. A película chega mesmo a resultar tan abafante nalgúns momentos que infunde no espectador unha sensación de futilidade absoluta: realmente somos todos tan impotentes?

A crueza crítica das imaxes relativízase nunha secuencia final que inclúe unha breve visita de xornalistas internacionais, que acaban parecendo intrusivos, performativos e fóra de contacto coa realidade palestina. O equipo de vídeo profesional e a entrevista cunha nai aflixida non teñen ningún peso fronte ás imaxes gravadas co teléfono e a videocámara de Basel e Yuval no corazón do conflito, onde a cámara se sitúa xusto fronte ás caras da policía militar, dunha forma marcadamente confrontativa e sen deixar ningunha dúbida en canto á súa subxectividade. Estas cámaras “amateur” captan con gran dinamismo as experiencias dos oprimidos cando os dous activistas foxen das autoridades. Mentres gravan, os teléfonos pérdense na maleza durante os altercados físicos, para ser recuperados máis tarde. *No Other Land* dá o mellor de si cando acada a mobilidade cinematográfica, cando a cámara actúa como unha extensión deste interrogatorio activista da violenta ocupación israelí e non como un observador distante. Ao final da película, o grao de impotencia é palpable, pero os cineastas ofrecen un chisco de esperanza neste acto transnacional de solidariedade e resistencia.